



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Continúa aberta a convocatoria de axudas para o **FOMENTO DA PROPIEDAD INDUSTRIAL** da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, publicada no **DOG do 24 de xaneiro de 2014** e que estará vixente até o 31 de maio de 2014 ou esgotamento do crédito.

Con estas axudas perséguese **aumentar a competitividade do sector empresarial galego**, apoiando a protección da propiedade industrial correspondente a invencións (patentes e modelos de utilidade) desenvolvida por empresas e autónomos, e conseguir a súa equiparación a nivel de actividade rexistral co tecido empresarial do resto do Estado.

Estas subvencións tramítanse a través da modalidade de **concorrenza non competitiva**, de tal xeito que se atenderán as solicitudes por orde de entrada e sen comparación con outras. Para ser beneficiario desta axuda abonda, pois, con cumprir os requisitos da convocatoria. Ademais, os solicitantes unicamente terán que presentar unha solicitude unha vez realizados e pagados os gastos subvencionables, en lugar dunha solicitude e unha xustificación posterior.

A **intensidade da axuda é do 70% dos custos subvencionables**, sempre que exista crédito, e o importe da mesma non poderá superar os **30.000€**, para unha ou máis solicitudes. A dotación total da convocatoria ascende a 250.000 euros.

Na **páxina web de GAIN** podes acceder ás bases completas da convocatoria, así como ao formulario online para a tramitación da solicitude. Se tes calquera dúbida, GAIN pon á túa disposición un correo electrónico, infosegapi.gain@xunta.es, e uns teléfonos: 981 95 73 90 e 981 95 73 91 para atender as túas consultas.

Agardando que esta información che sexa útil, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.